


GUÍA NADAL 2012
CDNL

Agustín Fernández Paz
Premio da Crítica 2012

Todas as historias se teceñ cos fíos da vida



LECTORES ADULTOS

O rastro que deixamos

Coma se fosen as pedriñas coas que Hansel marcaba os seus pasos pola espesura da fraga, O rastro que deixamos reúne traballos dados a coñecer por Agustín Fernández Paz en diferentes medios e contextos ao longo do tempo, así coma outros que permanecían inéditos



As fronteiras do medo

Neste libro reúnen-se seis relatos que abalan entre o misterio e o terror, nunha explícita homenaxe a H. P. Lovecraft, no 75º aniversario do seu pasamento.



Lúa do Senegal *


O relato aborda a emigración desde o punto de vista do desarraigamento e a intensa tristura que a rodean e destaca o valor da multiculturalidade, a diversidade lingüística e a convivencia, así como a importancia de conxugar memoria e futuro.

* Os que teñen o asterisco podes pedilos na Biblioteca. Hai máis dos que figuran nesta guía.

LECTORES XUVENÍS

O único que queda é o amor

Os relatos indagan con gran profundidade nos sentimentos humanos, ás veces desde a melancolía ou desde unha profunda tristeza; con todo, conteñen un pouso de alegría que pon de manifesto o amor, unha paixón capaz de cambiar completamente a vida das persoas, da que sempre queda algo, aínda que sexa en forma de lembranza.



Rapazas *

Mozas nunha idade difícil, enfrontadas por vez primeira á complexidade da vida, e cuxos problemas e vivencias cotiás aparecen reflectidos con gran autenticidade, nunhas historias que sorprenden, intrigan e emocionan.

O centro do labirinto *

É unha novela que, como ocorre na mellor ciencia-ficción, lévanos a un mundo futuro para facernos reflexionar sobre o presente. Un libro apaixonado, escrito desde a oposición ao pensamento único e á globalización capitalista.




Cartas de inverno *

Novela desenvolvida mediante a forma epistolar, a través de diversas voces narradoras que, como bonecas rusas, se van sucedendo ao longo do libro. Unha novela de terror, ben estruturada e narrada con bo pulso, na que destaca a lograda progresión do relato, que gaña intensidade e misterio a cada páxina.

LECTORES INFANTÍS

O soño do merlo branco

Unha fermosa historia na que os lectores acceden ao relato das experiencias de toda unha vida, a través dunha familia de merlos. Transmite un modelo de vida, de coñecementos e de convivencia co medio natural, no que se rexeita todo tipo de agresividade ou racismo.




Corazón de pedra

Brenda sente fascinación polos dragóns. Leu moitos libros sobre eles e sabe moi ben como eran, mais non consegue entender por que se extinguiron e xa non poboan o mundo dos humanos.

Valados *

Helena e Adrián son amigos inseparables, encántalles estar xuntos e xogar todo o tempo que poden. Un día, na súa vila comezan a suceder feitos preocupantes, coma se un vento estraño varrese a alegría das rúas e deixase odio e medo no seu lugar.



A nube de cores

Raquel ten seis anos e non lle gusta nada ir ao colexio porque a súa clase lle parece triste e porque a súa mestra sempre está seria. A situación muda cando unha nube de cores se detén sobre o patio da escola, e a maxia da súa chuvia consegue que tanto a profesora como os seus métodos experimenten un cambio radical.